

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36009524	CEP Plurilingüe Pedro Caselles Beltrán	Tomiño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	2º Pri.	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introdución

O CEP Pedro Caselles Beltrán está ubicado no barrio de Mosteiro, na parroquia de Tomiño, onde están encravados a meirande parte dos servizos dos que dispón o concello. É unha zona rural que nos últimos anos está a absorber poboación que, procedente dos núcleos urbanos más próximos, fixa aquí a súa residencia; o que repercuta, non só nun aumento do alumnado, senón tamén nun progresivo cambio cultural, económico e social do mesmo. Na zona non existe unha actividade cultural significativa, o que fai que a escola se convirta nun referente importante das actividades das nenas e nenos; polo que se constitúe así nun punto de referencia fundamental no fomento da convivencia. O alumnado procede maioritariamente das localidades de Tomiño (Vilachán, Barro, O Seixo, Hospital, Forcadela e Estás) que constitúen núcleos de poboación más pequenos e diferenciados en canto a actividades, modo de vida, relación co centro do concello, etc. Isto orixina unha poboación escolar diseminada, centrándose a convivencia dos nenos e nenas fóra da escola con aquelas/es do seu mesmo barrio ou parroquia. O CEP Pedro Caselles Beltrán conta con dúas unidades de 2º nivel cun total de 35 alumnos e alumnas nas nosas aulas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prejuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou más fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.		3		1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construcción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.		1-4		3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvimento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.		1-2-4						1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de producción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de producción e comprensión oral e escrita.		1-2	2	1-2		5		
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.		1-5	3		3	3	1-2-3	

Descripción:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesión	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cantos contos !	LECTURA COMPRENSIVA ORTOGRAFÍA: Maiúsculas, c/z, g/j, gue/gui, c/qu, güe/güi... GRAMÁTICA: O substantivo, xénero e número. VOCABULARIO: Os insectos, a granxa , froitas e hortalizas. EXPRESIÓN ESCRITA E ORAL	40	56	X		
2	Xogando cos contos.	LECTURA COMPRENSIVA ORTOGRAFÍA: Maiúsculas, c/z, g/j, gue/gui, c/qu, güe/güi... GRAMÁTICA: O adjetivo : cualidades dos nomes. VOCABULARIO: As estacións e vocabularios dos contos que leemos. EXPRESIÓN ESCRITA E ORAL	30	42		X	
3	facendo contos.	LECTURA COMPRENSIVA ORTOGRAFÍA: Maiúsculas, c/z, g/j, gue/gui, c/qu, güe/güi... GRAMÁTICA: O verbo: accións VOCABULARIO: profesións, accións e o vocabulario dos contos que leemos EXPRESIÓN ESCRITA E ORAL	30	42			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cantos contos !	56

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, especialmente en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Escribe oracións separando as palabras , respetando a ortografía básica. Concordar Substantivos con artigos en xénero e número	PE	60
CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e social, adaptados a súa idade, mobilizando de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Escribe oracións separando as palabras, respetando a ortografía básica. Concordar substantivos con artigos en xénero e número.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	40
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Recoñece o galego como lingua oficial de Galicia.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas más sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprende con apoios as ideas principais dun texto informativo.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce textos sinxelos		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais e coa perspectiva de xénero.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Le textos sinxelos en voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade identificando a información relevante do texto.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, en lingua galega, axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Fai prediccións sobre o tema principal a partir do título, ilustracións dun texto e das palabras clave		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos infantís e multimodais sinxelos, valorando os aspectos formais e non verbais.	Analiza o contido dos textos.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais e coas perspectivas de xénero.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándolas e recreándolas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iníciase na utilización das novas tecnoloxías, de forma acompañada, para a localización e selección da información de distintos anuncios publicitarios.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iniciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura da información.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca de aula e de centro.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacóns elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autoras.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Relaciona o aprendido nunha lingua con outra		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación de forma acompañada da información xeral do texto e para a identificación dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacóns de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas más sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes. - Procesos: producción oral - Construcción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e producción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos. - Cohesión na reproducción oral de textos sinxelos. - Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Procesos: comprensión lectora

Contidos

- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal, con textos propios da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: producción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Estratexias para a comprensión ou producción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a organización e a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
2	Xogando cos contos.	42

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, especialmente en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Le de maneira comprensiva pequenos textos e responder preguntas sobre él.		
CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e social, adaptados a súa idade, mobilizando de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Escribe oracións separando as palabras respetando a ortografía básica. Concordar substantivos con artigos en xénero e número	PE	60
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, particularmente os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística da lingua na súa contorna.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez más rico para unha mellor comunicación oral.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Elabora con axuda algunha norma de aula.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escuta activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Le textos sinxelos en voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade identificando a información relevante do texto.	TI	40
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, en lingua galega, axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Fai prediccións sobre o tema principal a partir do título, ilustracións dun texto e das palabras clave.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos infantís e multimodais sinxelos, valorando os aspectos formais e non verbais.	Analiza os contidos dos textos		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos, da lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Escribe oracións separando os palabras, respetando a ortografía básica. Concordar substantivos con artigos en xénero e número.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información.	Expón a información recollida sobre un anuncio publicitario referente a lugares de destinos vacacionais.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	Constrúe a súa identidade lectora seleccionando textos do seu interese.		
CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Disfruta e valora os diferentes tipos de contos.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndoas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Disfruta e valora os diferentes tipos de contos.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coerentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Escribe pequenos textos propostos con axuda de autoinstrucións.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Emprega un vocabulario cada vez más rico nas producións orais e escritas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - A diversidade etnocultural e lingüística na contorna escolar, familiar e social. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos componentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contenido (tema, léxico). - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación de forma acompañada da información xeral do texto e para a identificación dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.

Contidos

- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas más sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes.
- Audición, dramatización e reproducción de textos adecuados ao nivel, de xeito acompañado, que estimulen o seu interese e gustos.
- Procesos: producción oral
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e producción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Cohesión na reproducción oral de textos sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal, con textos propios da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: producción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Estratexias para a comprensión ou producción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a organización e a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
- Creación de textos sinxelos utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics...
- Valoración da propia producción escrita e da producción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes.

Contidos

- Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuados aos seus intereses.
- Inicio na construcción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios en lingua galega, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
3	facendo contos.	42

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, especialmente en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Le de maneira comprensiva pequenos textos e responde preguntas sobre él.	PE	60
CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e social, adaptados a súa idade, mobilizando de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Escribe oracións separando as palabras, respetando a ortografía básica. Concordar substantivos con artigos en xénero e número.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece persoas que falan galego a maiores do cole: persoal sanitario, veciños, familiares.	TI	40
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Identifica con apoios as ideas principais dun texto informativo.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escucha activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escucha activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Le textos en voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade identificando a información relevante do texto.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, en lingua galega, axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Fai prediccións sobre o tema principal a partir do título e ilustracións dun texto.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos infantís e multimodais sinxelos, valorando os aspectos formais e non verbais.	Analiza o contido dos textos.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Emprega unha linguaxe non sexista.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa nas lecturas compartidas propostas pola biblioteca de centro.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Iniciase na lectura de textos literarios de diferentes autores e autoras		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia pola lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas lecturas compartidas propostas pola biblioteca de centro.		
CA5.5 - Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos.	Participa activamente nas dramatizacións.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamiento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacóns de significado entre as palabras, a partir da observación, comparación e transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Recoñece distintos tipos de palabras e enunciados atendendo a súa concordancia.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa os textos de elaboración propia tendo como axuda as autoinstruccións traballadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Recoñecemento social das dúas lingua oficiais de Galicia.

Contidos

- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.
- Xéneros discursivos
 - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
 - Estratexias para a producción, con cohesión e coherencia, de textos orais en lingua galega, utilizando recursos non verbais básicos.
 - Procesos: interacción oral
 - Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación de forma acompañada da información xeral do texto e para a identificación dos elementos básicos da comunicación non verbal.
 - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
 - Estratexias de escucha activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
 - Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas más sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes.
 - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
 - Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: producción oral
 - Construcción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e producción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
 - Cohesión na reproducción oral de textos sinxelos.
 - Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
 - Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Estratexias para a coherencia textual na producción de textos escritos, en lingua galega.
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
 - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
 - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico).
 - Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de diversa tipoloxía.
- Procesos: comprensión lectora

Contidos

- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nível.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal, con textos propios da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: producción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Estratexias para a comprensión ou producción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a organización e a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
- Produción de textos sinxelos con coherencia e orde na presentación (caligrafía clara e limpia), relativos a situacions cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia producción escrita e da producción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Recoñecemento, de forma acompañada, da autoría de textos de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Creación e dramatización de breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, coidando a limpeza e a presentación.
- Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais).
- Estratexias para a producción guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas.

Contidos

- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados mobilizando estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.

4.1. Concreciones metodolóxicas

A metodoloxía en educación primaria debe acercar o proceso de ensinanza/aprendizaxe aos contextos reais do alumnado. No caso das metodoloxías activas a súa fortaleza reside, principalmente, no seu atractivo para o alumnado, na súa fácil combinación entre elas, na utilización das novas tecnoloxías como recurso, na toma de conciencia e reflexión co entorno, na colaboración con outros axentes, na aprendizaxe autónoma, na flexibilidade e versatilidade e, sobre todo, no axuste co desenvolvemento competencial do alumnado.

A metodoloxía activa parte dunha serie de principios metodolóxicos e utiliza unha serie de estratexias que pretenden como obxectivo fundamental que os alumnos/as aprendan dunha maneira autónoma e se desenvolvan en todas as facetas da súa personalidade.

Na educación primaria a metodoloxía debe ser activa, participativa e flexible, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para construir, a partir de aí, outras aprendizaxes.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por sí mesmos e promovendo o traballo en equipo.

O alumno/a é protagonista activo/a nesta programación; investiga, descubre, manipula, participa, cuestiona e responde.

As líneas metodolóxicas da nosa programación son as seguintes:

-A globalización: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global, xa que calquera actividade realizada polos nenos e nenas pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade, de atención. Así pois, a perspectiva globalizadora do proxecto, a través do que chamamos situacions de aprendizaxe, interrelaciona as distintas áreas para organizar e articular os coñecementos con sentido e intencionalidade en contextos que permitan a súa significatividade, provocando a entrada en xogo de todos os mecanismos da personalidade do neno e nena.

- A aprendizaxe significativa: refírese á posibilidade de establecer vínculos substantivos entre o que hai que aprender (o novo contido) e o que sabe (os seus coñecementos previos). Todo novo coñecemento ten de partir das experiencias previas dos alumnos e alumnas. Para lograr estas aprendizaxes comezaremos cada Unidade didáctica cunha avaliación inicial, para saber os seus coñecementos previos e, sobre eles, construir os novos.

- Ensinanza individualizada: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada un dos nosos alumnos e alumnas. A atención individualizada considera as características e diferencias persoais pulando pola atención ás necesidades proporcionando atención personalizada favorecendo o principio de igualdade e equidade.

- A afectividade: a seguridade que lles da o sentirse queridos contribúe, dunha maneira moi positiva, á formación dunha imaxe axustada e positiva de sí mesmos. Propoñemos que a relación entre o profesorado e o alumnado se realice dentro dun ambiente democrático, con relacions de comprensión, amor, aceptación, confianza mutua e respecto.

-A socialización e a comunicación: creando situacions de aprendizaxe nas que atopen momentos para agruparse cos seus iguais, compartir o material e sentir o apoio dos «outros» que lle axudarán a socializarse e comunicarse.

Estas situacións de aprendizaxe apóianse, na maioría dos casos, no xogo por consideralo un elemento básico e primordial para o desenvolvemento da atención, a memoria, a linguaaxe, a imaxinación, a personalidade e ser o recurso metodolóxico por excelencia no traballo cos nenos e nenas desta idade.

A través do xogo, coñece o comportamento dos adultos e as normas sociais. Tamén contribúe ao desenvolvemento da socialización e a comunicación as actividades propostas nos recunchos, obradoiros e saídas.

- A Autonomía e autoxestión: sendo este o protagonista das súas propias aprendizaxes considerando como importante o proceso e non só o resultado.
- Aprendizaxe cooperativa: favorecendo os encontros co grupo e a sociedade nun pulo pola convivencia, a paz e a inclusión.
- A Manipulación: considerando o traballo manipulativo determinante para a o correcto paso entre os conceptos concretos e os abstractos e fundamental para vencellar as aprendizaxes curriculares coa realidade. Favorecerase en todo caso que o material cumpra o requisito de ser accesible.
- A liberdade e a creatividade: que favorecen os coñecementos potencialmente significativos e funcionais, potencian a autonomía e a produción persoal.
- A coeducación: considerando a actividade de todo xénero en detrimento de actividades asignadas ao xénero e en prol da ruptura de esteteotipos.
- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permiten e estimulan ao alumnado a participar realmente como suxeitos da súa propia aprendizaxe. O alumnado é o verdadeiro protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e o noso obxectivo fundamental é manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.
- Aprendizaxe basada na investigación na resolución de problemas e descubrimientos: os alumnos aprenden a través da abordaxe ou de preguntas, da análise de probas, de conectar ditas probas con coñecementos preexistentes, de sacar conclusións e reflexionar sobre os seus achados. Serán actividades investigativas que permitan elaborar hipótesis, sacar conclusións e reforzar as aprendizaxes más instrumentais, favorecendo o pensamento crítico e o pensamento científico
- Aprendizaxe basada en proxectos: resolvendo situacións, retos ou respondendo a preguntas, a través dos seus coñecementos, recursos, investigación, reflexión e cooperación activa.
- As medidas metodolóxicas rexiranse por principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionando diversas opcións didácticas para que os alumnos/as se transformen en persoas que aprenden a aprender e estén motivados pola súa aprendizaxe e, por tanto, que estean preparados para continuar aprendendo durante as súas vidas. Desta maneira, fomentaranse procesos pedagóxicos que sexan accesibles para todos mediante un currículo flexible que se axusta ás necesidades e diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Aprendizaxe basada en retos: involucrando activamente ao alumnado nunha situación problemática real, relevante e de vinculación co entorno, a cal implica a definición dun reto e implementar para este unha solución.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible: cartolina, folios, ceras...
Manipulativos: que permitan experimentar, testar, probar, tocar, ulir, xogos,
Material impreso: material de elaboración propia, material de reforzo e ampliación, contos, cómics, xornais...

Recursos informáticos: ordenador de aula, encerado dixital interactivo, tabletas...

Libros de biblioteca de aula e de centro

Calquera outro que atenda ás necesidades educativas do alumnado e sexa coherente coas propostas ofertadas.

Colección de contos " O zoo das letras"

Caderniños de elaboración propia para traballar o vocabulario específico

Vídeos de elaboración propia para traballar o vocabulario

Neste apartado farase referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

Para facer unha boa elección de materiais didácticos debemos ter en conta unha serie de criterios:

1. O material ten que ser atractivo tanto estéticamente como funcionalmente, ten que chamar a atención do neno ou nena, invitándoo a interactuar con el.
2. Os materiais deben de ser adecuados ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades.
3. Que sexan asequibles e manipulables, que os nenos e nenas poidan utilizar el material de forma autónoma e independente.
4. Que potencie e favoreza a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
5. Que reúna as correspondentes normas de seguridade.
6. Que proporcione os estímulos correspondentes a súa elección.
7. Que non favoreza actitudes de discriminación de sexo nin belicistas.
8. Que posibilite ao alumnado todas as posibilidades de acción que este poida desenvolver.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Avaliaremos aspectos como: a expresión oral e o vocabulario, lectura e comprensión lectora e a escritura e gramática.

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente carencias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Proba escrita	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ademais de global, tamén será continua e formativa. Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:

Actividades e tarefas sobre os contidos traballados diariamente na aula (40%), que inclúen:

- Responder axeitadamente, tanto de forma oral coma escrita, ao que se lle pregunta demostrando dominio na materia
- Escribe respectando regras ortográficas e gramaticais .
- Ter unha caligrafía flexible

Actividades de lectura (rexistros de lectura e comprensión) :

- Le coa velocidade e entoación axeitada a súa idade, respectando os signos de puntuación
- Amosa unha boa comprensión lectora, axeitada a súa idade.

Actividades de expresión e creación

- Exprésase cunha linguaxe oral correcta (vocabulario, comprensión da oración)
- Realiza traballos de forma creativa e orixinal e razoa as estratexias a seguir na creación dos mesmos

Traballo en equipo (actitude e participación activa)

Traballo en clase: (autonomía e presentación das actividades)

Ao final de cada unidade didáctica haberá unha proba escrita , cuxa nota acadará a porcentaxe correspondente (60%)

Para a realización desta proba tomaranse como referencia os contidos traballados ao longo de cada unidade didáctica.

Criterios de recuperación:

Cando un alumno- a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno-a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.
- c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.
- d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.
- e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:
- f) O nivel de coñecementos.
- g) O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

6. Medidas de atención á diversidade

Dado que cada neno ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno e o seu ritmo de traballo. Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas en cada caso, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e noutro distinto para ampliar, polo que será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena. A planificación desta programación non é ríxida nin inamovible, senón todo o contrario, considerándose aberta e flexible.

De aquí que o docente, coñecendo o estado inicial do seu alumnado, e sendo este o punto de partida, seleccionará aquilo que mellor poida responder aos propósitos que persiga.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Emprendemento	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e de valores	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nos concursos organizados desde a biblioteca .	Para conmemorar o día do libro, o de Rosalía, o da muller traballadora,...organízase desde a biblioteca diferentes actividades no que participa todo o alumnado.	X	X	X
Participación nos festivais e obradoiros de final de trimestre	Ao final de cada trimestre temos unha actividade "especial" na que 2º curso participará con teatro, cantigas ... , directamente relacionadas coa competencia lingüística.	X	X	X
Participación nos obradoiros, nas dúas últimas horas dos mércores	Actividade innovadora na que se reagrupan os nenos, se reducen os grupos, e participan nunha actividade cun plantexamento diferente. Haberá obradoiros directamente relacionados coa expresión oral e escrita.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado.
Metodoloxía empregada
Utilización dunha metodoloxía axeitada: tivérонse en conta aprendizaxes significativas, considérase a interdisciplinariedade, número e duración das actividades, nivel de dificultade, interés para o alumnado, significatividade para o proceso de aprendizaxe, propostas de aprendizaxe colaborativa...
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Regulación da práctica docente: grao de seguimento dos alumnos/as, validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes, os criterios de promoción están acordados entre os profesores.
Medidas de atención á diversidade
Utilización de medidas para a atención á diversidade: adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe, as medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes., aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos/as e ás familias: os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos, os instrumentos de avaliação permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe, os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas, os criterios de avaliação e os criterios de cualificación déronse a coñecer aos alumnos/as e as familias.

Descripción:

A avaliação dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliação da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

Os indicadores de logro para ter en conta esta avaliação serían os seguintes:

- Preparación da clase e dos materiais didácticos.
- Utilización dunha metodoloxía axeitada.
- Regulación da práctica docente.
- Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos/as e ás familias.
- Utilización de medidas para a atención á diversidade.

ESCALA DE VALORACIÓN:

- Inadecuado: escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
- Insuficiente: omítense elementos fundamentais do indicador
- Básico: cumprimento suficiente do indicador
- Competente: hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.
- Excelente: prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

- Responder as características do alumnado da aula.
 - Resultar útil para o uso docente na aula.
 - Seguimento da temporalización.
 - Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
 - Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
 - Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
 - Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
 - Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
 - Realizar revisións periodicamente.
 - Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
 - Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.
- Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:
- Unha modificación da metodoloxía empregada.
 - Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
 - Modificacións na temporalización.
 - Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades.

9. Outros apartados